



Despois de estragar millóns de euros no edificio, e ser incapaz de dotalo de contido, 20 anos despois o PP pretende trasladar para alí as dependencias municipais

O “Castelo do Alcalde”: de disparate en disparate

Hai moitos exemplos de obras faraónicas que supoñen un grande desfilfarro de cartos públicos, sen que se teña claro para que van servir. A “Cidade da Cultura” en Santiago é o paradigma delas en Galiza. E en Barro non iamos ser menos.

Hai máis de 20 anos que o PP tirou a casa do médico no San Antoniño, e no seu solar comezou a construír un edificio, sen planos nin proxecto. Tal foi o despropósito que non deixaron espazo para un ascensor, polo que houbo que romper as placas para instalalo; instaláronno pero tampouco valía, e houbo que volver romper as placas outra vez. Aínda por riba, o edificio incumpre a legalidade urbanística do Concello.

Un edificio que o PP nunca soubo a que o ía dedicar

O goberno do PP xa lle chamou de varias maneiras: nun escritos aparecía como “Casa da Cultura”, noutros como “Edificio Multiusos”. Seica ía levar para alí a biblioteca, ou adicalo a “Casa da Xuventude”; mesmo se chegou a plantexar para “Centro de Día” (a pesar de que nin o PP nin o PSOE apoiaron unha iniciativa do BNG para dotar ao noso concello dun centro destas características)...

É tal a confusión que a última vez que o alcalde se referiu a el nun pleno chamoulle “Ese edificio de aí arriba”. Nese mesmo pleno sorprendenos coa súa proposta de trasladar para alí as dependencias municipais. Esta chamativa proposta de última hora do alcalde non é máis que recoñecemento explícito da súa impotencia e da súa incapacidade para dotar de contido un edificio que non tivo ningún sentido construír desa maneira e que se atopa fóra de ordenación.



Que os millóns de euros servan para algo: un Centro de Día, a proposta do BNG

Que os Servizos Sociais se trasladen para ese edificio vézmo-lo correcto, xa que na actualidade desenvolven o seu traballo nun espazo que non reúne as máis mínimas condicións. O que xa non ten sentido é que o fagan todas as dependencias municipais.

Por iso o BNG propuxo que, ademais de albergar as oficinas dos servizos sociais do Concello, se habilitase un centro de día para as persoas maiores, e se abrise a posibilidade de que as restantes instalacións se convertisen nun centro socio-cultural que poidese ser utilizado polos colectivos sociais que existen en Barro, solventando así, en parte, as carencias que temos.

Barro ten un grande déficit de equipamentos públicos, recoñecido por todo o mundo. Que se gastasen millóns de euros neste disparatado edificio non ten ningún sentido. Pero menos o tería aínda que despois de construído non poidese ser usado pola maior parte dos nosos veciños e veciñas.

O BNG demanda solucións aos graves problemas de seguranza viaria nas estradas de Barro

O Concello de Barro ten a triste honra de saír permanentemente nos medios de comunicación polos accidentes de tráfico que se producen nas súas estradas. E isto non é casual. Como tampouco inevitábel.

Estos accidentes teñen moito que ver co desleixo das administracións competentes, chámanse Concello, Deputación de Pontevedra, Consellaría de Infraestruturas ou Ministerio de Fomento. Todas elas con competencias nos viais máis conflitos e perigosos.

O BNG leva moito tempo denunciando a parálise absoluta das administracións, mentres os accidentes se acumulan nunha triste estatística de feridos e mortos.

Para o BNG non hai excusa. A vida das persoas é o máis importante, e as administracións deben poñerse mans a obra para, coordinadamente, acometer as obras necesarias para eliminar os puntos negros e mellorar a seguranza viaria.

E é urxente facelo. Cada día que pasa repítese o perigo. Sabemos -e sábeno os responsabeis das administracións competentes- o que hai que facer para evitar accidentes. A que esperan pois a facelo? É cuestión única e exclusivamente de vontade política. Nós non poderíamos vivir coa conciencia tranquila se, sabendo o que hai que facer para aminorar os efectos dos accidentes, non o fixeramos. Os PP o saben, pero parece que non lles importa.

OFENSIVA INSTITUCIONAL DO BNG

O BNG ven de presentar unha batería de iniciativas tanto no Concello como no Parlamento Galego e o Congreso para que dunha vez por todas se acometan as melloras necesarias.

O BNG leva a PO-531 ao Parlamento Galego

A Deputada do BNG, Montse Prado, presentou diversas iniciativas referidas a PO-531 ao seu paso por Barro, lembrando que esta estrada é un dos viais con maior intensidade de tráfico de Galiz e que atravesa numerosos nucleos de poboación sen as necesarias medidas de seguridade.

A deputada demanda da Xunta a execución do proxecto de mellora do treito Curro-Pontevedra que foi acordado no seu día cos veciños e veciñas co fin de mellorar a seguranza viaria, e, ao mesmo tempo, que a Xunta faga as actuacións precisas para librar de peaxe o trito da AP-9 entre Curro e Pontevedra, que axudaría a aliviar a elevada densidade de tráfico diariamente soporta esta estrada.

... E a N-550 ao Congreso

Paralelamente, a deputada do BNG no Congreso, Olaia Fdez., presentou máis unha vez unha iniciativa sobre a N-550. Lembra a deputada nacionalista que xa en 2009 o propio ministerio, respondendo a unhas preguntas do BNG, recoñecía os graves problemas de seguranza viaria





desta estrada ao seu paso polo Concello de Barro, mais alegaba que era o Concello quen tiña que prever os viais e trasladaba tamén a responsabilidade á Xunta e á Deputación para executar coordinadamente as obras de mellora.

Mais o tempo pasa, o perigo continúa e ningunha das administracións toma a iniciativa para solucionar os problemas. O BNG teno claro, o principal responsábel é o ministerio de Fomento, que é titular da estrada, por iso se lle pide que dunha vez por todas se poña en contacto coas outras administracións con competencias (Xunta, Deputación e Concello) para, de xeito coordinado e á maior urxencia se poñan fin aos problemas de seguranza viaria que o propio ministerio recoñece.

Enmendas aos orzamentos

En coerenza co interese do BNG porque se solucionen xa os problemas de seguranza viaria, imos presentar enmendas aos orzamentos do Estado e da Xunta para que inclúan as partidas económicas necesarias para acometer as obras e non busquen excusas para demorar un ano máis -e xa van uns cantos- a solución a un problema grave que nos afecta a todos e a todas os que transitamos por unhas estradas tan perigosas como estas.

Pontos negros na N-550

- Cruce do Lombo da Maceira coa PO-224**
 Neste punto leva moitos anos proxectada unha rotonda que nunca se chegou a facer.
- Cruce coa estrada provincial Portela-Curro**
 No seu día construíuse unha rotonda no lateral da N-550 que carece da necesaria visibilidade para os vehículos que se incorporan en dirección ao San Antoniño. Os condutores destes vehículos non teñen tempo suficiente para poder ver os vehículos que circulan pola N-550 en sentido Pontevedra.
- Cruce coa Rúa Areal**
 por onde teñen que acceder todos os vehículos que se dirixen tanto ás rúas do San Antoniño que se atopan nesa banda da N-550, como ao tanatorio municipal e ao lugar de Valbón.
- Cruce de Porrás, enlace coa estrada PO-226**
 Neste punto téñense producido moitos accidentes, algún deles mortal. Aínda que recentemente se reformou a estrada Porrás-Moraña non se correxiron os problemas de seguranza viaria existentes neste punto.



SÚMATE AO PROCESO
IMPULSADO POLO



bng.gal
twitter.com/obloque
facebook.com/bloquenacionalistagalego

CONSTRUÍNDO FUTURO

ASEMBLEA ABERTA DE BARRO

**Venres 17 de outubro
ás 20:30 h.
Biblioteca Pública**

Participa !

Construamos xuntos o Barro do futuro

Vivimos nun momento en que é preciso mudalo todo. Nunca nas últimas décadas se amosou tan claramente que o actual réxime político está esgotado, política, social e institucionalmente. Así, o soporte partidario do réxime, en forma de PP e PSOE, amósase cada día máis incapaz de xestionar un modelo que eles mesmos crearon.

As eleccións municipais de maio de 2015 deben servir para ensanchar e fortalecer a presenza institucional do nacionalismo na Galiza, como mellor xeito de xerar políticas que combatan a desfeita social que os gobernos do PP están a provocar no noso país.

Por unha política municipal ao servizo da maioría do pobo

Estas políticas deben servir para pór os concellos ao servizo da maioría social e tamén para que cidadáns e cidadás posúan maior capacidade de participación e decisión. Porque esta maior

capacidade de participación e decisión é garantía dunhas institucións municipais máis abertas e democráticas, onde non haxa lugar para as prácticas clientelares e corruptas hoxe existentes e que son inherentes ás políticas antisociais que practica o PP.

Por iso promovemos asembleas abertas. Porque o desafío que emprendemos necesita do compromiso e da participación popular, precisa de moitas mulleres e homes, mozas e mozos orgullosos da súa condición de galegas e galegos, que enarbo-len a bandeira da loita pola democracia, a xustiza e a dignidade.

Máis que nunca, é tempo de sumarmos esforzos, de comprometérmonos persoal e colectivamente e de xerarmos ilusión no afianzamento do proxecto de ruptura e transformación social que o nacionalismo representa na Galiza. Queremos mudalo todo, e mudalo desde nós, para construírmos futuro.

Como contactar co BNG Barro
Teléfono: 620.262.802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional
Sede Nacional. Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo
15703 Santiago de Compostela. 981555850
www.bng-galiza.gal
nacional@bng-galiza.org

